



En O Pino, a 17 de xuño de 2019

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

NECESIDADE A CUBRIR: A contratación dunha persoa física ou xurídica que realice os servizos de degustación e organización da comida da Festa do Galo 2019 acordes coas necesidades da entidade contratante.

OBXECTO DO CONTRATO: **SERVIZO DE DEGUSTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA COMIDA DA FESTA DO GALO 2019** segundo o Prego de condicións técnicas redactado na data 17/10/2018.

PRAZO DE DURACIÓN: celebrarase o día 4 de agosto de 2019 no Concello de O Pino.

ORZAMENTO TOTAL POR CONTRATA: 35.200,00 euros.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 32.000,00 euros.

IVE (10%): 3.200,00 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.22799

RESPONSABLE DO CONTRATO: Concelleira de Cultura, D^a Eva Varela Gago.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS: En base ao disposto no artigo 116.4.f) da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

- Insuficiencia de medios persoais: Trátase de funcións específicas e concretas non habituais que só se poden prestar por unha empresa de servizos. Este feito xustifícase coa descrición da dificultade e especialización das tarefas a realizar e a imposibilidade de prestarse por persoal municipal.

-Insuficiencia de medios materiais: Que non se dispón dos medios materiais necesarios

para a prestación do servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas. Que non se dispón do soporte técnico e tecnolóxico axeitado. O beneficio de externalizar a prestación do servizo é poder prestar de forma efectiva do servizo.

MEDIOS PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA: Non se esixe.

CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTA: Non se esixe.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Para a adxudicación deste contrato teranse en conta as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos e outros criterios cuantificables mediante fórmulas.

OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS: O carácter anormal das ofertas apreciarase en función do prezo ofertado, considerándose como tal a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

En todo caso, estarase ao previsto no artigo 149 LCSP 2017 para a regulación e réxime xurídico das ofertas anormalmente baixas.

VARIANTES OU MELLORAS: Non se admiten.

GARANTÍA PROVISIONAL: Non se esixe.

REVISIÓN DE PREZOS: Os prezos de contratación dos servizos comprendidos en este contrato non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, polo tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

OUTRA DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA QUE SE XUNTA:

Prego de prescricións técnicas.

PROPOÑO que se realice a contratación descrita, logo de levar a cabo os trámites que se consideren oportunos.

Asinado./ Eva Varela Gago

CONFORME: Efectúese a retención de crédito precisa e complétese o expediente para levar a cabo a contratación descrita.

O Alcalde.

Asdo./ Manuel Taboada Vigo